

Concello de Covelo

MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN NÚM. 01/2025.

ACTA DA SESIÓN REALIZADA POLA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE COVELO CELEBRADA O DÍA DOCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Asistentes:

Pola Corporación:

D. Juan Pablo Castillo Amigo *Alcalde-Presidente*

Polos sindicatos:

D.^a Patricia Saa Castro, en representación do CSIF
D. Waldo Portela López, representante sindical dos
traballadores do Concello pertencente ao CSIF

Secretario:

D. Jacobo Manuel Rayón Cedeira *Secretario-
Interventor*

Non asisten:

O representante da CIG
O representante de CCOO
O representante de UGT

En Covelo a doce de agosto de dous mil vinte e cinco, sendo as doce horas e quince minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, as persoas que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión da Mesa Xeral de Negociación.

O motivo da celebración desta Mesa Xeral de Negociación versa sobre a análise das materias que deben ser obxecto de negociación cos representantes do persoal recollidas no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público no que afectan ao Orzamento Municipal para o exercicio 2025.

A este respecto, con carácter previo, púxose a súa disposición a proposta do cadro de persoal, o anexo de gastos

de gastos de persoal e as bases de execución dos orzamentos do ano 2025.

O Sr. Secretario-Interventor informa que xunto coa convocatoria acompañouse o cadro de persoal cos salarios adaptados aos importes da relación de postos de traballo aprobada, ademais das bases de execución do orzamento que mantense nos mesmos termos que no ano anterior, agás no que se refire ao horario de verán que redúcese.

O Sr. Alcalde indica que o horario de verán pasa a ser do 15 de xuño a 15 de setembro, en lugar do 1 de xuño ao 30 de setembro que figuraba nas anteriores bases, ademais apunta que nas retribucións xa se orzamenta o incremento aprobado do 0,5%.

Toma a palabra D.^a Patricia Saa Castro, en representación do CSIF que, en relación á relación de postos de traballo, lembra que unha das cuestións que están pendentes é a de funcionarizar ao persoal laboral fixo, agás ao auxiliar de axente de desenvolvemento local e ao auxiliar de biblioteca, e ver que están dentro dos límites establecidos pola normativa. Tamén, trata o tema da promoción interna da praza de conserxe a auxiliar de servizos varios pasando de AP a C2. Por último, indica que bota de



Concello de Covelo

menos que non se presente nesta convocatoria a proposta de oferta de emprego público do Concello e pregunta sobre a posibilidade de crear un fondo de acción social, neste senso anuncia que presentará por rexistro unha proposta de fondo de acción social e un borrador de bases para a promoción interna.

Os membros presentes manifestan a súa conformidade coa documentación presentada no marco da tramitación do orzamento do Concello de Covelo para o exercicio 2025.

Posto que non hai máis asuntos que tratar, cando son as 12:45 h, o Sr. Alcalde da por finalizada a sesión, e redáctase a presente acta que asinan os membros da Mesa Xeral de Negociación, da que eu como Secretario dou fe.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo

En representación do CSIF

Patricia Saa Castro

En representación do CSIF

Waldo Portela López

O secretario-interventor

Jacobo Manuel Rayón Cedeira

